



PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O INICIO DE CURSO ESCOLAR NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS E SOBRE O MANTEMENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS DE PRIMARIA

A menos dun mes do inicio do próximo ano académico 2020-21, moitas son as incertezas ou falta de transparencia e información que acompañan ás familias diante da situación provocada pola COVID-19. No caso do Concello de Santiago compre esclarecer como vai ser este inicio de curso nas escolas infantís de titularidade municipal posto que son responsabilidade directa do Goberno local. Ademais tamén son competencia municipal as obras e mantemento nos centros de infantil e primaria do noso termo municipal, e tamén carecemos de información ou dación de contas públicas ao respecto.

É por todo isto que, Branca Novo Rey, concelleira de Compostela Aberta, presenta as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por **ESCRITO**:

1. Está a traballar o goberno municipal nun protocolo de actuación pola crise da Covid-19 consensuado coas directoras/es das escolas infantís de competencia municipal e as ANPAS destes centros?
2. Se a resposta anterior é positiva, cando poderemos coñecer o texto?
3. Se dito proceso está en curso, pode o Goberno informar sobre como atenderá ás novas necesidades de limpeza e desinfección nas escolas infantís de competencia municipal?
4. Sobre a competencia municipal do mantemento nos centros de primaria, pode informar o goberno municipal sobre as obras de mantemento feitas durante o verán para preparar a volta ao colexio este setembro?

Santiago de Compostela, 19 de agosto do 2020

Branca Novo Rei


Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



GRUPO MUNICIPAL

A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA